

01/12/2017



Celebrante:
Catequistas e axentes de pastoral, pobo de Deus que vos mantedes en espera, coidade, velade, atesourade como chama viva a vosa fe.

- Estades dispostos a manter a vosa fe viva no medio das depresións, desánimo, increencia ou crise que poidan tocar á vosa porta? R/ Si, estou disposto.
 - Comprometédesvos a compartir a chama viva da vosa fe, convencidos de que a esperanza é máis forte que a morte e a destrución? R/ Si, comprométome
- Estades dispostos a vivir con alegría e amor a chama que Deus acendeu nos vosos corazóns desde o día do voso bautismo? R/ Si, estou disposto.

Celebrante:

Ide pois e alumeade a terra, que mil velas xuntas poden iluminar un gran estadio. Deus confiouvos –as vosas luceciñas- a luz admirable da fe, a esperanza e o amor. Alumeade a terra coa vosa permanencia, máis que a fugacidade dos lóstregos. “Brille a vosa luz diante dos homes, para que vexan as vosas boas accións e glorifiquen ao seu Pai que está nos ceos” (Mt 5, 16) por Xesucristo o noso Señor. Amén. A bendición de Deus...



Cando esperar ten sentido...

Queridos catequistas:

Hai momentos tan especiais na vida, que as esperas fanse curtas con tal de alcanzar o desexo esperado. A **fe** ten promesas infinitas que son capaces de manter a espera. A vida enteira pode ser unha espera, con sentido profundo e con sabor a paraíso... Preparemos a vinda do más humilde dos reis, do más amoroso dos amantes, do más xusto dos xuíces, do más misericordioso dos pais e único Deus.

“Cando esperar ten sentido” quere ser unha experiencia de encontro co Deus encarnado na vida e na historia de cada un, de maneiras tan insólitas que só o autor da vida coñece os seus misterios.



“O Espírito Santo, que estaba con el, tíñalle prometido que non había morrer sen ver o Unxido do Señor.” (Lc 2, 26)


Escucha, tú, la Palabra de Dios

Escucha, tú, la Palabra de Dios,
no sólo con tus oídos,
también con tu corazón.
Escucha, tú, la Palabra de Dios
y estate siempre atento a su Voz. (bis)

Déjala entrar dentro de tu corazón,
pásala a tu mente y a tu situación,
vívela, vívela en tu realidad,
haz que por tu vida llegue a los demás.

Do evanxeo de Mateo:

**“Pedide e recibiredes,
buscade e atoparedes, petade e abrirásevos.
Pois quen pide, recibe; quen busca, atopa;
e a quen peta, abriráselle.”** (Mt 7, 7-8).



-Cando necesitemos renovar a alegría pastoral e o celo polo teu reino... R/ **Xesús**, alcánzanos coa túa misericordia

Canto: Ven, ven Señor no tardes...

Oración de contrición

Guía

Canto Señor ten piedad: “Tu que siempre nos perdonas porque nos quieres mucho, Señor ten piedad...

*Propósito de conversión

Con ese anaco de plastilina imos fazer un signo, que represente o noso soño interior, cómo queremos ser en diante. É un desexo de conversión, é o noso desexo de ser modelados por Deus...

Canto: Vaso Nuevo

Contemplando o noso signo: facemos un silencio

- Como barro nas túas mans, confiando na túa grazia infinita e na túa confianza desmedida, decídome a crer e min mesmo e a comezar de novo, hoxe e cada día.... (*Silencio*)

Guía

*Actitud de vida

Guía

*BENDICIÓN CON EL SANTÍSIMO

Celebrante

Irmáns: ao recibir a bendición co Santísimo, acende esa luz no teu interior, ese propósito de vida e de actitude pastoral para vivir a comuñón e esperar a vinda. Porque esta espera ten sentido.

Que Deus encha todas as túas posibilidades da súa grazia, que inunde coa súa presenza a túa vida e que neste momento se reflexe no teu interior, na túa persona, no teu corazón...

Canto de despedida: “Quédate a nuestro lado...

Dicimos todos: Ven Xesús aumenta a nosa fe. R/ Ven Xesús aumenta a nosa fe.

Celebrante: Viva Xesús Sacramentado. R/ Viva e sempre sexa amado. Noso pai, Salve María e Gloria

(Axente de pastoral).- Xesús, razón e alento da nosa esperanza, Eu como Abraham crin na túa promesa e non me cansarei de esperar en ti. A calquera hora do día que pases pola miña casa, dámela a grazá de recoñecerte e de esforzarme en manterme fiel. Eu como Abraham suplícoche: "non pases sen máis pola miña vida, ven e renova en nós as promesas e ilusións de amor e fraternidade que nos permitiron permanecer como pedras vivas de cada unha das nosas comunidades parroquiais _____. Aquí estamos como axentes comprometidos, co futuro pastoral, purifica a nosa memoria co sorriso dos nenos que sempre é motivo de esperanza. Porque esperamos en Ti.

Dicimos todos: Ven Xesús, alenta a nosa esperanza. R/ Ven Xesús alenta a nosa esperanza.

Celebrante: Viva Xesús Sacramentado. R/ Viva e sempre sexa amado. Noso pai, Salve María e Gloria

(Familia).- Xesús, raíz e consumación total de todo amor, ven ás nosas comunidades, nós como Anawin, como pobres de Yahveh, como humildes e pequenos do resto fiel, queremos que as nosas parroquias sexan espazos de encontro, escucha, axuda mutua e alegría dos irmáns que se recoñecen amados; e que somos congregados na Eucaristía polo teu corazón vivo entre nós. Porque nos sabemos amados.

Decimos todos: ven Xesús, acende a nosa caridade. R/ Ven Xesús, acende a nosa caridade.

Canto: Nadie te ama como yo...

Dinámica de interiorización: Guía

G.- A cada invocación vamos a responder: R/ **Xesús, alcánzano coa túa misericordia**

-Cando as decepcións apostólicas e arideces da vida provoquen en nós froitos amargos de división e apatía... R/ **Xesús, alcánzano coa túa misericordia**

-Cando as preocupacións familiares e laborais tenten afastarnos da túa presenza e escurecer a nosa esperanza... R/ **Xesús, alcánzano coa túa misericordia**

-Cando o peso dos nosos pecados nos atafeguen e nos sintamos desfallecer... R/ **Xesús, alcánzano coa túa misericordia**

Tengo sed de Ti,
tengo sed de Ti.

Mi alma esta sedienta de Ti,
tengo ansia de Ti.
Cuando veré tu rostro,
tengo sed de Ti.

Tengo sed de Ti,
tengo sed de Ti.

¿por qué vivo con tristeza?,
¿por qué no hay alegría en mí?.
¿Dónde estas señor?,
yo tengo sed de Ti
Sólo de Ti, sólo de Ti,
sólo de Ti, sólo tengo sed de Ti.

Todo el día me preguntan:
¿dónde está tu Dios?
Dime: ¿por qué me olvidas?,
si yo sólo te anhelo a Ti.



Sólo tengo sed de Ti,
sólo tengo sed de Ti.

Tú eres mi Dios y mi Salvación,
sólo Tú, mi luz y mi verdad.
Sólo Tú, sólo tengo sed de Ti.

SALMO 62, 2-9

A alma sedenta de Deus

Deus, meu Deus, por ti madrugo,
de ti ten sede a miña alma;
por ti devece o meu corpo,
en terra reseca, sedento e sen auga.

Miro cara a ti no santuario,
para ver o teu poder e a túa gloria.
teu amor é mellor cá vida,
lóante os meus labios;
toda a miña vida te bendigo
e levanto no teu nome as miñas mans.

Como de graxa e manteiga, estou satisfeito,
con labios alegres lóate a miña boca.
No leito relémbrate,
nas vixilias da noite penso en ti.

Ti es o meu auxilio,
á sombra das túas ás estou contento;
a ti está unida a miña alma,
a túa dereita é o meu apoio.

Vídeo



TRABALLO PERSOAL

Preparación persoal para o acto penitencial

1. Cando chamo a Deus, ou o busco?
2. Déixome cuestionar pola súa esixencia de vida ou miro para outro lado?
3. Déixome alcanzar polo seu misericordia? Sexa no sacramento da reconciliación, na contrición das miñas culpas, na conversión e exame de vida frecuente...
4. Permito que a esixencia de Xesús me descoloque? Deixo que o Evanxeo cuestione o meu estilo de vida?
5. Son capaz de descubrir os enganos do mal espírito que me impiden camiñar?
6. Descubro en min algún vicio ou debilidade que se fixeron común na miña vida, de tal forma, que xa nin me dou conta que me teñen atado...?
7. Con que cousas trato de calmar a miña conciencia, acougar a miña sede e seguir coma se nada pasase?
8. Cantas veces deixei que as circunstancias me arrastren – ou me empuxen a facer cousas, ou vivir actitudes- que non agradan a Deus?
9. Na miña vida cales son esas tendencias, inadecuadas (cabalos), que alimento más que a miña espiritualidade?
10. Nalgún momento da miña vida... degradei a miña dignidade de axente de pastoral, por mor das críticas, intereses persoais, envexas ou celos, ou falsas apariencias?
11. Como axente de pastoral, permitín que domine en min o desexo de protagonismo, de quedar ben con persoas ou intereses persoais?
12. Como axente do evanxeo, considero que hai coherencia entre o que creo e anuncio, e o que vivo? En que fallo máis?

EXPOSICIÓN DO SANTÍSIMO E ACTO PENITENCIAL

Monición. Irmáns: preparamos a nosa mente, o noso corazón, os nosos sentidos, para atopar ao que ha de vir, ao esperado polos séculos, ao Mesías anunciado polos profetas, ao Fillo de Deus mesmo. Preparamos a nosa persoa para desexar a súa vinda, para desexar o seu perdón, para desexar a súa misericordia...

Dinámica de interiorización: Guía

Lector

"Ven Santo Espírito", invade a miña persoa, esperta o meu anhelo de Deus, entra ás profundidades de min mesmo, dámme a humildade para recoñecerme tal como son... ven dador da paz... Necesito encherme de Deus, necesito anhelar e esperar a Deus, temo que como outras veces que pasaches pola miña vida, pases hoxe - e con todo eu- non me dea por enterado

Dinámica de interiorización: Guía

Anuncio de Boa Nova

Catequistas da Parroquia de _____! Anúnciovos unha gran alegria: preparade o corazón que xa vén! Aquí vén o Rei!, -os que queirades recibilo ben podes facer unha "valla" por cada lado-, ... que non pase sen que escoite o teu corazón, e ti ponte atento para escoitar o seu. É Cristo Xesús o que camiñou en Nazaret, o que mirou con amor á muller pecadora, ao mozo rico, ao bo ladrón... en fin, non podes perderte este encontro. El é o único que pode cambiar a túa vida de hoxe e para sempre. El é o único que coñecéndote tal como es, ámate más que ninguén. Hoxe vén decidido a hospedarse na túa casa, hoxe quere renovar a túa vida. Vas deixar que pase sen máis,... ou queres deixarte alcanzar pola súa misericordia? El exponse ante ti. E ti, es capaz de expoñerte ante El?

Canto: "No adoréis a nadie"

Celebrante: Viva Xesús Sacramentado. R/ Viva e sempre sexa amado. Noso pai, Salve María e Gloria

(Catequista).- Xesús, razón e meta da nosa fe, **eu**, catequista, como Simeón, quero recoñecerche diante dos meus irmáns, ánda que teña que esperar sen medida, quero proclamar que es o Mesías, como o fago cada día na miña catequese: ven aos nosos corazóns de humildes servidores, ven aos nosos centros de catequese e fortalece a fe dos corazóns, para anhelar o que nos prometes, para desexar con ansia vivir o teu reino. Porque cremos en ti.